

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AS CONSELLERÍAS DE CULTURA E TURISMO E DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA, E AS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA E VIGO PARA A ELABORACIÓN CONXUNTA DA CANDIDATURA ILLAS CÍES- PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA NA LISTA DO PATRIMONIO MUNDIAL DA UNESCO.

REUNIDOS:

Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo (CCT), que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro.

Angeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV) actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 94/2018, do 26 de setembro.

Antonio López Díaz, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC), que intervéen en exercicio da máxima representación institucional da Universidade de Santiago de Compostela, en virtude do Decreto 57/2018, de seu nomeamento, e polas facultades conferidas polo artigo 20.1 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e o Decreto 14/2014 de 30 de xaneiro polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Manuel Joaquín Reigosa Roger, que intervéen en exercicio da máxima representación institucional da Universidade de Vigo (UVIGO), en virtude do Decreto 59/2018, de 31 de maio, de seu nomeamento, e polas facultades conferidas polo artigo 20.1 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, o Decreto 13/2019, de 22 de febreiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo.

Julio Ernesto Abalde Alonso, que intervéen en exercicio da máxima representación institucional da Universidade de A Coruña (UDC), en virtude do Decreto 1/2016, de 8 de xaneiro, de seu nomeamento, e polas facultades conferidas polo artigo 20.1 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e o Decreto 101/2004, de 13 de maio, modificados por el Decreto 194/2007, de 11 de outubro polo que se aproban os estatutos da Universidade de A Coruña.

As partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria e,

EXPOÑEN

A CCT é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción da cultura e dos aspectos vinculados á protección, conservación, difusión, fomento e recuperación do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago, así como a elaboración dos anteproxectos normativos que lles afecten.

O 27 de setembro de 2018 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa. O Decreto 88/2018, establece unha nova estrutura reforzando aquelas áreas máis necesarias para o adecuado desenvolvemento de Galicia, creando a Consellería de Cultura e Turismo e reordenando as competencias das consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional; Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; e Infraestruturas e Mobilidade. Esta nova estrutura foi reforzada a través do Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

A CCT, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (DXPC), tal e coma establece o artigo 6 do Decreto 177/2016 (modificado polo Decreto 106/2018), polo que se establece a estrutura orgánica da CCT, é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma a que lle corresponden, entre outras as competencias e funcións en materia de patrimonio histórico, arqueolóxico, paleontolóxico, artístico, arquitectónico e etnolóxico en todas as súas manifestacións: a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a súa investigación e transmisión ás xeracións futuras; a xestión dos asuntos relacionados co réxime xurídico de protección do patrimonio cultural; a tramitación e xestión dos procedementos para a declaración de ben de interese cultural e inclusión no catálogo e no inventario do patrimonio cultural, emitir informe e resolver, de ser o caso, os procedementos que afecten o patrimonio cultural, conforme a normativa vixente; a realización de informes e estudos que sexan requiridos polas autoridades competentes e, en particular, o informe e asesoramento ás autoridades administrativas, cando sexa solicitado, en materia de protección e conservación do patrimonio cultural; a preparación e xestión de convenios e protocolos relacionados coas competencias da Dirección Xeral; a dirección de todas as actuacións dirixidas a velar pola conservación, coidado, promoción e difusión do patrimonio moble de Galicia; ou a elaboración e edición de publicacións de carácter científico, cultural, educativo e divulgativo relacionadas co patrimonio cultural.

Así mesmo compre ter en conta que a DXPC representa á Xunta de Galicia como vogal no Consejo de Patrimonio Histórico (CPHE), creado no artigo 3 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español. O CPHE ten entre as súas competencias definidas no Real Decreto 111/1986, do 10 de xaneiro, de desenvolvemento parcial da devandita lei 16/1985, a de informar no relativo aos compromisos internacionais contraídos por España que afecten ao patrimonio histórico español.

Tal e coma establece o artigo 3 do Decreto 177/2016 (modificado polo Decreto 106/2018), a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma a que lle corresponden as competencias e funcións en materia de medio ambiente, territorio e conservación da natureza, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución española. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural exerce, entre outras funcións: O fomento de medidas de desenvolvemento socioeconómico dos espazos naturais protexidos; A divulgación dos valores do patrimonio natural; a xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres, das paisaxes naturais e

dos elementos senlleiros da xea da Comunidade Autónoma galega; A promoción da defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen; A conservación específica dos espazos que compoñen a Rede galega de espazos protexidos e da Rede Natura 2000 de Galicia ou doutras zonas de alto valor ambiental, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.

O artigo 1 da lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, atribúe a estas institucións a realización do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo, conferíndolles, entre outras funcións, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura; a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística; ou a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida, e do desenvolvemento económico.

As Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo son Entidades de Dereito Público independente e sen ánimo de lucro que desenvolven a través dos seus distintos centros actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico con especial relevancia para o territorio galego. Destacando entre eles o Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural.

O Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER), é un instituto universitario mixto de investigación, creado polo Decreto 72/2001, de 22 de marzo, orientado a investigación científica e técnica nos campos da Biodiversidade e do Desenvolvemento Rural, que ten unha ampla traxectoria na investigación sobre os compoñentes da biodiversidade e dos espazos naturais .

Na XVII reunión da Conferencia Xeral da Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), celebra en París entre o 17-21/10/1972, apróbase a Convención sobre a protección do patrimonio mundial, cultural e natural, co obxectivo de catalogar, preservar e dar a coñecer sitios de importancia cultural ou natural excepcional para a herdanza común da humanidade. De acordo co estipulado na Convención consideraranse como "Patrimonio Natural", os lugares naturais ou as zonas naturais estritamente delimitadas, que teñan un valor universal excepcional desde o punto de vista da ciencia, da conservación ou da beleza natural. Esta convención foi aceptada polo Reino de España polo instrumento do 18 de marzo de 1982 a Convención do Patrimonio Mundial cultural e natural, de París do 23 de novembro de 1972, na que se crea a figura da Lista do Patrimonio Mundial (BOE núm. 156, do 1 de xullo de 1982) e polo tanto forma parte do seu ordenamento xurídico.

A Xunta de Galicia, a través da DXPC e promovida pola CCT e CMATV, acadou do CPHE o recoñecemento da candidatura Illas Cíes-Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia e a inclusión na Lista Indicativa Nacional, o que foi formalizado pola UNESCO con data do 5 de febreiro de 2018, e o que, segundo as condicións establecidas polo ente internacional, permitirá a súa futura inclusión na Lista do Patrimonio Mundial, que segundo o artigo 11.2 da convención representa aos bens que se considera posúan un valor universal excepcional.

En España, a normativa estatal (Lei 42/2007, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade), confire aos sitios naturais da Lista do Patrimonio Mundial, da Convención sobre a Protección do Patrimonio Mundial, Cultural e Natural, a condición legal de Áreas protexidas por instrumentos internacionais.

O Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia foi declarado a partir da Lei 15/2002, do 1 de xullo (BOE 2/07/2002), no que cohabitan distintas figuras de espazos naturais acorde coa lexislación vixente.

A formulación de candidaturas para ser incluídos na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO, está suxeitas a distintas avaliacións por comités de expertos nacionais e internacionais, polo que a documentación debe adaptarse aos criterios fixados pola UNESCO nos seus documentos oficias de desenvolvemento, nomeadamente o Anexo 5 das súas Directrices Operativas , e sustentarse pola mellor información científico-técnica dispoñible, tanto no proceso de diagnóstico dos bens naturais (compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade), como na súa delimitación, valoración territorial e análise das normas de xestión que inciden sobre o espazo e a conservación dos bens do Patrimonio Natural.

A elaboración dunha candidatura de Patrimonio Mundial, necesita en consecuencia un documento científico- técnico no que se realice unha adecuada avaliación dos compoñentes do medio natural e socio – económico do territorio acorde cos criterios e formatos establecidos pola UNESCO. Documento que debe ser extraordinariamente rigoroso e de calidade para poder superar unha avaliación positiva dos comités científicos español e internacional, motivo polo que a Xunta de Galicia considera establecer unha estratexia de cooperación e colaboración con outras entidades para levalas a cabo. Elaborar un formulario esixe unha colaboración interdisciplinaria cuxos resultados favorecerán a labor investigadora das universidades.

Esta colaboración súmase a moitos outras, entre elas os traballos previos entre os que destacan:

USC- “Estudo hábitat terrestres incluídos na Directiva Hábitat.”

UVIGO- “Estudo especies incluídas Directiva Aves”.

“Cartografías medio mariño”.

UDC- “Estudo xeolóxico do Parque Illas Atlánticas”

“Flora en perigo de extinción”.

“Especies mariñas en hábitats mariños”.

Todos estes traballos contribúen á caracterización e diferenciación das Illas Atlánticas de Galicia.

Por outra banda, destaca a traxectoria investigadora das universidades e a fundamental labor de formación en valores dos estudantes e futuros traballadores do medio natural.

É de salientar que ademais do resultado final desta colaboración conxunta para a candidatura Patrimonio Mundial de UNESCO o que se pretende con este convenio é tamén a aprendizaxe ao

longo do traballo, que as universidades galegas adquiran e transmitan o coñecemento nesta materia, os procedementos para acadalos.

Todo o anterior, fai que esta actuación conxunta que se van a levar a cabo, nas que participarán tanto as Consellerías de Cultura e Turismo, Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, como as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo suporá a adquisición dun activo inmaterial para a Comunidade Autónoma

En consecuencia, as Consellerías de Cultura e Turismo, Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio de colaboración é a elaboración conxunta da candidatura Illas Cíes-Parque Nacional das Illas Atlánticas para a inclusión na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO segundo o modelo establecido no Anexo 5 das Directrices Operativas para Aplicar a Convención do Patrimonio Mundial.

Acorde cos criterios marcados polo propio programa da UNESCO e dado que a candidatura deberá ser avaliada polos comités nacionais e internacionais da UNESCO, esta deberá apoiarse, redactarse e estruturarse a partir da mellor información científica dispoñible en relación coa diagnose dos compoñentes do medio ambiente, a biodiversidade, e a xeodiversidade, formulando ademais os obxectivos da planificación da mesma acorde coas estratexias internacionais que inciden sobre os obxectivos da Convención sobre a protección do patrimonio mundial, cultural e natural.

A elaboración da documentación científica- técnica que apoie a proposta de Patrimonio Mundial Natural, leva ademais implícito un procedemento de participación pública, cos distintos axentes territoriais, aos cales debe trasladarse os elementos crave desta información, recollendo ademais para a súa formulación final as ideas e propostas emanadas do devandito proceso de participación pública.

SEGUNDA.- DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS

Para o desenvolvemento dos traballos constituirase unha comisión de traballo formada polos seguintes membros:

Dous representantes técnicos da CCT, nomeados pola persoa responsable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, con capacidade de decisión, que supervisarán o traballo.

Dous representantes técnicos da CMATV, nomeados pola persoa responsable da Dirección Xeral do Patrimonio Natural, con capacidade de decisión, que supervisarán o traballo.

Dous investigadores da Universidade de Santiago de Compostela. Un deles en representación do Laboratorio de Biodiversidade do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER), e outro da Estación de Bioloxía Mariña da Graña (EBMG). Os investigadores da USC desenvolverán a documentación científico-técnica relativa aos compoñentes da biodiversidade (espazos naturais, hábitats, plantas vasculares, especies mariñas). E coordinaran os traballos científicos coa UDC y UVIGO, coa finalidade de confeccionar a candidatura do Parque Nacional á lista do Patrimonio Mundial da UNESCO, así como a dar respostas ás recomendacións e esixencias científicas que poidan expresar tras a súa avaliación ante os comités da UNESCO.

Un investigador representante da Universidade de Vigo, do grupo de Análise de Concas Sedimentarias, que desenvolverá, a documentación científico-técnica relativa á xeodiversidade. Elaborando a documentación necesaria para confeccionar a candidatura, en coordinación co resto dos investigadores da USC e da UDC.

Un investigador representante da Universidade de A Coruña, do grupo de investigación en Bioloxía Evolutiva, que desenvolverá, a documentación científico-técnica relativa á herpetofauna. Elaborando a documentación necesaria para confeccionar a candidatura, en coordinación co resto dos investigadores da USC e da UVIGO.

TERCEIRA.- COMPROMISOS ASUMIDOS POLAS PARTES

A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, asume os seguintes compromisos:

- Aportar as cantidades estipuladas no presente Convenio.
- Subministrar e facilitar, aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así coma o apoio e asesoramento técnico preciso.

A Consellería de Medio-Ambiente, Territorio e Vivenda asume os seguintes compromisos:

- Subministrar e facilitar, aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así coma o apoio e asesoramento técnico preciso.
- Facilitar a realización dos traballos de inventario ou documentación dos bens naturais existentes no ámbito do Parque Nacional.

As Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo asumen os seguintes compromisos:

- Partindo dos coñecementos previos sobre o Parque Natural, elaborar a memoria científico-técnica da candidatura dos territorio do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, co fin de ser inscrita de maneira definitiva na lista de Patrimonio Mundial Cultural y Natural.
- Dar respostas ás recomendacións e esixencias científicas que poidan expresar tras a súa avaliación dos comités nacionais e internacionais da UNESCO.

-Colaborar coa Xunta de Galicia, nas labores de Participación Pública.

A Universidade de Santiago de Compostela a través do IBADER asumirá a coordinación dos compromisos correspondentes ás universidades.

CUARTA.- FINANCIAMENTO E PAGAMENTO

A Consellería de Cultura e Turismo a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, co fin de facilitar a execución conxunta das accións aportará durante o prazo de vixencia do convenio a cantidade total de 80.000 €, coma achega pola realización das accións e gastos en que incorra as universidades, con cargo á aplicación orzamentaria 11.30.433A.640.1 dos correspondentes orzamentos de gastos:

2019	30.000€
2020	50.000€
Total	80.000€

As universidades financiarán o gasto do persoal investigador que desenvolva os traballos estimado nuns 18.000 €.

As cantidades achegadas pola Consellería de Cultura entregaranse ás universidades, unha vez que presenten as certificacións anuais acreditativas (antes do 30 de novembro de cada ano) conforme a participación de cada unha delas na elaboración do formulario en base ao establecido no anexo I, da realización dos gastos incorridos no desenvolvemento do proxecto ata esa data, que se realizarán previa presentación da correspondente memoria económica xustificativa.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente.

Acompañarase da seguinte documentación:

- 1.- Os documentos deberán ser entregados cumprindo os criterios establecidos polo Programa do Patrimonio Mundial da UNESCO, en formato PDF.
- 2.- Acompañando a memoria científico-técnica entregarase a información xeográfica (Límites da reserva, zonificación), integrada nun proxecto SIX. Como mínimo, os datos serán en formato "ESRI Shapefile", debidamente estruturado, compatible e integrable nos sistemas oficiais de información sobre Areas Protexidas.
- 3.- Unha memoria xustificativa anual, onde se sinalen as actuacións comprometidas e realizadas.
- 4.- Unha certificación onde se relacionen os gastos que se imputan á xustificación, así como unha explicación que aclare, de xeito indubidable, a relación do gasto coa actuación obxecto do presente convenio.
- 5.- Nas xustificacións incluíranse os xustificantes de gastos (facturas, nóminas etc.) e os xustificantes de pagamentos (transferencias bancarias).

Os ditos pagamentos financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún. No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a contribución económica da Consellería de Cultura e Turismo diminuírase proporcionalmente.

Reintegraranse, total ou parcial, as cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio, así como a obriga de facilitar a información que sexa requirida pola Consellería de Cultura e Turismo en relación coa xustificación do convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das cantidades.

QUINTA.- REXISTRO DE CONVENIOS. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

SEXTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS. DIFUSIÓN DA COLABORACIÓN DAS PARTES

A propiedade intelectual dos traballos resultantes deste convenio será conxunta da Consellería de Cultura e Turismo, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e das universidades.

En todos os documentos e materiais que se realicen froito do presente Convenio aparecerán como coautoras a Universidades que participen na súa elaboración. En todos os documentos que se xeren como consecuencia deste convenio debe figurar de xeito expreso que esta financiado pola Xunta de Galicia. Calquera que sexa o medio de difusión, ámbalas dúas partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.

Calquera utilización ou transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio e en ningún caso será posible antes da súa publicación na páxina web da UNESCO como expediente de candidatura. A utilización dos resultados será en todo caso gratuíta.

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, calquera das dúas partes comprométense a facer mención da outra parte e deste convenio.

SETIMA.- RELACIÓNS LABORAIS. RESPONSABILIDADE DAS ACTUACIÓNS

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta

non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

OCTAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1. As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais, que é nomeadamente a seguinte:

- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA)
- Estatuto de autonomía de Galicia.
- Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos
- Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de seguridade no ámbito da Administración electrónica (ENS)
- Decreto 88/2018, de 26 de setembro, pola que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.

2. Para o cumprimento da finalidade deste convenio, cada unha das partes declara e garante que, con anterioridade á subministración á outra parte de datos persoais de calquera persoa física involucrada na sinatura deste convenio ou no seu desenvolvemento, informará as persoas interesadas de forma lícita, leal e transparente das garantías sobre política de protección de datos persoais incluída no presente documento, e tamén doutros requisitos que puidesen ser de aplicación para a correcta cesión dos seus datos persoais á outra parte. Para tales efectos, as páxinas webs das partes asinantes deste acordo <https://www.xunta.gal/protección-de-datos> e <http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/index.html>, <https://www.udc.gal> e <https://www.uvigo.gal/es/proteccion-datos> conteñen información relativa ao tratamento dos datos persoais e o modo en que poden exercer os seus dereitos, o contacto cos delegados ou delegadas de protección de datos e demais aspectos esixidos pola normativa vixente no que se

refire aos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, así como aos dereitos de transparencia da información, de supresión, limitación, portabilidade ou reclamación.

3. Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para o cumprimento da finalidade obxecto deste convenio e, con posterioridade ao remate da súa vixencia, polo tempo de prescrición das accións legais correspondentes para a tutela do dereito á protección de datos persoais. Os datos destruíranse logo de que transcorra o referido prazo de prescrición.

4. As partes non lles cederán a terceiros os datos persoais tratados ao abeiro deste convenio, agás aqueles que sexan estritamente necesarios para publicar a identidade da persoa galardoada nas páxinas web, nos taboleiros de anuncios, nas redes sociais ou nos medios de comunicación que ambas as dúas partes asinantes determinen.

5. Os representantes das partes asinantes e demais titulares dos datos tratados ao abeiro deste convenio poderán exercer os seus dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión e limitación mediante o envío dunha petición razoada dirixida á sede da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo en Santiago de Compostela (Edificio Administrativo de San Caetano, s/n), ou no seu enderezo electrónico <https://www.xunta.gal/protección-de-datos>. Así mesmo, as persoas interesadas que consideren lesionado o seu dereito á protección de datos poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.agpd.es).

NOVENA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e a súa duración será de dous anos dende a data da súa sinatura.

Non obstante, poderá prorrogarse por outros dous anos se ambas as dúas partes así o consideran de mutuo acordo para o cumprimento dos termos do convenio.

A prórroga materializarase mediante a subscripción dunha adenda ao convenio, con antelación á finalización da súa vixencia, que tamén poderá recoller outras accións vinculadas á realización dos obxectivos deste e que son de interese mutua para os asinantes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente Convenio deberá comunicarse por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Son causas de resolución do presente convenio:

- Por acordo mutuo das persoas asinantes.
- Si se producisen circunstancias que fixesen imposible realizar as actuacións previstas no convenio.
- Polo incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no presente convenio.
- Transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga deste.
- O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio poderá dar lugar ao reintegro total ou parcial das cantidades recibidas.

DÉCIMO SEGUNDA.- NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as partes conformes co estipulado, asínanse cinco copias do convenio a día 5 de xullo de 2019

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,

Ángeles Vázquez Mejuto

O conselleiro de Cultura e Turismo,

Román Rodríguez González

O Reitor da Universidade de Santiago de Compostela.

Antonio López Díaz

O Reitor da Universidade de Vigo

Manuel Joaquín Reigosa Roger

O Reitor da Universidade da Coruña

Julio E. Abalde Alonso

ANEXO I. ACCIÓNS E CRONOGRAMA

Na seguinte táboa indícanse as accións, cronograma e entregables no desenvolvemento do Convenio

Accións	Anualidade - 1											
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12

A.- Cumprimento de criterios

Criterio-01: Xea	UVIGO	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	◆	
Criterio-02: Ecosistemas	USC	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	◆	
Criterio-03: Mariño	USC	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	◆	
Criterio-04: Herpetofauna	UDC	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	◆	

B.- Memoria da Candidatura

Apartado – 1.	USC											●	●
Apartado – 2.	USC											●	●
Apartado – 3. Criterios	Todos											●	●
Apartado – 4.	USC											●	●
Apartado – 5	USC											●	●
Apartado – 6	USC											●	●
Apartado – 7	USC											●	●
Apartado – 8	USC											●	●
Apartado – 9	USC											●	●

C.- Documentos de apoio

Elaboración cartografía	USC	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●
-------------------------	-----	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---

D.- Informes de seguimento

Informe de avance	Todos	●	●	●	◆	●	●	●	◆	●	●	◆	●
-------------------	-------	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---

Accións	Anualidade - 2											
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12

B.- Memoria da Candidatura

Apartado – 1.	USC	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	◆	
Apartado – 2.	USC	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	◆	
Apartado – 3. Criterios	Todos	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	◆	
Apartado – 4.	USC	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	◆	
Apartado – 5	USC	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	◆	
Apartado – 6	USC	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	◆	



Apartado – 7	USC	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	◆	
Apartado – 8	USC	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	◆	
Apartado – 9	USC	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	◆	

C.- Documentos de apoio

Elaboración cartografía	USC	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	◆	
Outros documentos	USC	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	◆	

D.- Informes de seguimento

Informe de avance	Todos	●	●	●	◆	●	●	●	◆	●	●	◆	
-------------------	-------	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	--

Desenvolvemento da acción (●). Entregable (◆).

ANEXO II. FITOS PARA O PAGAMENTO

As cantidades previstas no presente convenio faranse efectivas en dous pagos en cada unha das dúas anualidades, tendo coma data límite de xustificación o 30 de novembro de 2019 no primeiro pago, e o 30 de novembro de 2020 para a o segundo pago.

Fitos	Data
Fito 1. Coordinación: Informe de seguimento	
Informe-01	04/2019
Informe-02	08/2019
Informe-03	11/2019
Informe-04	04/2020
Informe-05	08/2020
Informe-06	11/2020
Fito 2. Selección e descripción inicial dos criterios relevantes	
Criterio-01	11/2019
Criterio-02	11/2019
Criterio-03	11/2019
Criterio-04	11/2019
Fito 3. Elaboración da Memoria da candidatura	
Apartado – 1.	11/2020
Apartado – 2.	11/2020
Apartado – 3. Criterios	11/2020
Apartado – 4.	11/2020
Apartado – 5	11/2020
Apartado – 6	11/2020
Apartado – 7	11/2020
Apartado – 8	11/2020
Apartado – 9	11/2020
Fito 4. Documentación de apoio.	
Documentación cartográfica	11/2020
Outra documentación	11/2020